

Concello de Viveiro

EXPTE.- 5493/2017

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número de 035, de 12 de febreiro de 2018, publícase a convocatoria do proceso para a selección dun Electricista, que prestarán servizos temporais no Concello de Viveiro a través do programa depuemprego "plan único 2017".

Vista a base xeral 6.1. - *"Lista provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional de admitidos e, se é o caso, excluídos. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Viveiro e na páxina web www.viveiro.es "*.

Vista a base xeral 7.3. - *"Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na páxina www.viveiro.es "*.

RESOLVE

1º.- Aprobar a seguinte **lista provisional de ADMITIDOS:**

Nº	APELIDOS E NOME
1	CARRETERO ÁLVAREZ, JESÚS
2	CASAS ROLDOS, IAGO
3	FERNÁNDEZ LOUZAO, ÓSCAR
4	FRAGA CASTIÑEIRAS, MIGUEL

2º.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Arximiro Fernández Arias, Técnico Asesor en Recursos Humanos, no Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Julián Mayor Couceiro, Encargado Conservación Centros na Unidade de Mantemento da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Manuel Ferro Modia, Oficial Oficinas Múltiples na Unidade de Mantemento da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Luís Lamas Castro, Oficial Electricista no Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Nahum Reija Iglesias, Oficial Electricista na Unidade de Mantemento da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana Losada Real, Xefa da Unidade de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Concepción Conde Gómez, Administrativa no Servizo de Recursos Humanos

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

da Deputación de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor Xefe Servizo Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas na Intervención da Deputación de Lugo.

Asesor: Don Xavier Rodríguez Barrio, Coordinador Normalización Lingüística, na Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo.

3º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN VERDE DA DEPUTACIÓN DE LUGO O **MÉRCORES DÍA 11 DE ABRIL DE 2018, ÁS 9 HORAS E 30 MINUTOS**, PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS ASPIRANTES.

O prazo de alegacións será o establecido no punto 2 da Base Xeral 6 - "**Prazo de alegacións**". O prazo para que os excluídos poidan alegar o que consideren será de 2 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios e na indicada Páxina Web. As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Tendo en conta a urxencia na contratación derivada dos prazos establecidos na subvención que financia a mesma, no suposto de non presentarse no Rexistro Xeral do Concello deberá remitirse dentro do prazo de dous días por fax ao Concello, en caso contrario non será tida en conta".

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións presentadas non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva a presente lista de admitidos, sen necesidade de nova publicación.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 2.E do Real Decreto 1174/1987,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147